

---

# CESGA Computational Science Summer School 2010

- Actualizado (19.04.2010)

Descarga o noso cartel

Ampliado o prazo de inscrición: 12 de abril

CESGA convoca a segunda CESGA Computational Science Summer School que se celebrará do 21 de xuño ao 15 de setembro de 2010. A Summer School está dirixida a xoves licenciados, enxeñeiros e investigadores que desexen formarse en técnicas de computación e novas ferramentas de cálculo científico. Ademais, a Summer School pretende mostrar os usos actuais da ciencia computacional en diversas aplicacións como Matemáticas, Biomedicina, Nanotecnoloxía, etc.

Durante a Summer School impartiranse os seguintes cursos de formación en programación, optimización e depurado de aplicacións científicas, tanto secuenciais coma paralelas:

- Programación en Fortran (22/06-25/06, 09:00 a 14:00 horas)
- Programación en C (28/06-02/07, 10:00 a 14:00 horas)
- Matemática Computacional: Compilación, execución e optimización de programas (05/07-09/07, 10:00 a 14:00 horas)
- Introducción a algoritmos de resolución de aplicacións científicas (12/07-16/07, 10:00 a 14:00 horas)
- Programación paralela utilizando directivas OpenMP (19/07-22/07, 09:00 a 14:00 horas)
- Introducción á programación en MPI (26/07-29/07, 09:00 a 14:00 horas)
- Ferramentas de desenvolvemento de aplicacións paralelas: Debugging e análise do rendemento (02/07-05/07, 09:00 a 14:00 horas)

Adicionalmente aos cursos de formación, celebraranse varios seminarios de presentación da necesidade da ciencia computacional en diversas áreas científicas, impartidos por investigadores especialistas de prestixio internacional.

Toda a información sobre a Summer School pode atoparse neste enlace.

Datas: 21.06.2010 ó 15.09.2010

Nº horas: 140

Lugar: Centro de Supercomputación de Galicia, Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur) - Santiago de Compostela

Nº prazos: 12

Contacto: ccsss10@cesga.es

Inscrición:

Para levar a cabo a inscrición debe cumplimentar este formulario.

---

Inscripción pechada.